

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 9 DE FEBREIRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial EP-2002 Gran Vía avenida Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán. Tramo comprendido entre a avenida de Madrid e a intersección coa avenida Arquitecto Palacios, a prol do Concello de Vigo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara como ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o denominado pazo de Quintáns ou Pazo do Casal, sito no lugar de Quintáns, na parroquia de Santo Estevo de Noalla, no termo municipal de Sanxenxo (Pontevedra).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto da repotenciación do Parque Eólico Malpica como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba a contratación para a prestación da asistencia sanitaria en materia oncolóxica coa Fundación Centro Oncolóxico, polo procedemento negociado e tramitación ordinaria,

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a ampliación da cobertura da Rede dixital de emerxencias en zonas de alta incidencia de incendios e pilotaxe da solución para detección temperá de incendios.
- Informe sobre as actuacións de control tributario 2016 e o Plan de control tributario 2017.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Estratexia autónomo 2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe do segundo semestre de 2016, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe da entrada en funcionamento da área cirúrxica do Hospital do Salnés.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA DE TITULARIDADE POR PARTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A PROL DO CONCELLO DE VIGO DUN TREITO DA RÚA EMILIA PARDO BAZÁN

- *O tramo afectado, entre as avenidas de Madrid e Arquitecto Palacios, ten características urbanas, con edificacións en ambas as dúas marxes e unha alta intensidade de circulación rodada e peonil*
- *O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a entrega formalizarase nos dous meses seguintes*
- *Corresponderanlle ao Concello de Vigo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do tramo da rúa Emilia Pardo Bazán (EP-2001) que conecta a Avenida de Madrid e a intersección coa avenida Arquitecto Palacios a prol do Concello de Vigo. O tramo ten características urbanas, con edificacións en ambas as dúas marxes e unha alta intensidade de circulación rodada e peonil.

A EP-2002 é unha estrada que foi absorbida co paso do tempo polo tecido urbano de Vigo, coñecida hoxe como rúa Emilio Pardo Bazán. Por iso, a Deputación Provincial de Pontevedra solicitoulle á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o dito cambio de titularidade.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes das entidades locais, logo do acordo das administracións afectadas. Os cambios de titularidade deberán ser aprobados por decreto do Goberno galego.

O día 30 de decembro de 2016, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración en que ambas as administracións poñen de manifesto a súa conformidade para que se leve a cabo o cambio de titularidade proposto.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das vías ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes.

Posteriormente, corresponderanlle ao Concello de Vigo, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria.

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O PAZO DE QUINTÁNS, EN SANXENXO

- ***O conxunto está composto polo edificio principal, a capela da Virxe da Quinta Angustia, un hórreo de dúas plantas, xardíns e outras construcións anexas***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á declaración como ben de interese cultural do Pazo de Quintáns ou Pazo do Casal, na parroquia de Noalla, do concello de Sanxenxo (Pontevedra). Deste xeito, o edificio e a súa contorna entran na máxima categoría de protección da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Cómpre sinalar, en todo caso, que o ben conta con esta protección superior desde que se incoou o expediente de declaración como BIC no *Diario Oficial de Galicia* do venres 22 de abril de 2016. O uso principal e histórico desta casa foi ser a casa principal dos Paadín, tamén o de espazo de lecer ou instalación complexa agropecuaria, ademais de residencia ocasional e lugar de veraneo para a anterior familia propietaria. Despois de que o Concello de Sanxenxo a adquirise comezou a redactar un plan director e un proxecto de restauración para recuperar o edificio principal para usos públicos.

A declaración como ben de interese cultural comprende tanto o inmovible e as súas partes integrantes como a contorna e os bens mobles e documentación. O Pazo de Quintáns é un singular pazo que exemplifica a relación dun edificio relevante co seu contorno, é o lugar de referencia da antiga xurisdición da Lanzada, terra de vida e comercio desde o século VIII antes de Cristo, como evidencian as escavacións históricas e recentes do xacemento costeiro. De estilo barroco, o pazo conta con planta en forma de L, unha galería significativa de 19 vans e 250 vidros e cuberta a 8 augas, pola peculiar configuración do inmovible, froito das sucesivas reformas, a máis importante acometida no século XVII.

O conxunto

A estrutura do conxunto parece proceder da posible orixe deste, a torre do Casal de Moldes. Neste momento, o complexo do pazo está composto polo edificio deste, a capela, as construcións auxiliares e o hórreo, ademais dos espazos verdes: patios, praza frontal, xardín e horta murada.

Das partes integrantes do complexo cómpre salientar os escudos nobiliarios das fachadas sur e leste, que presentan dous escudos nobiliarios, con referencias aos símbolos das familias Paadín, Valladares, Andrade ou Freire de Andrade, Ponte ou Aponte. O expediente de declaración BIC fai referencia tamén á casa de caseiros, probablemente da segunda metade do século XIX; ao hórreo de cantaría, datado a inicios do século XX e con dúas plantas, e á capela, unha pequena construción de cantaría con bóveda de canón e na cal se venera a imaxe en pedra da Virxe da Quinta Angustia, peza datable no segundo terzo do século XVII e que, polo tanto, podería ter

unha orixe anterior á capela en que se localiza e a consideración de ben moble adscrito á súa localización.

Así mesmo, o expediente recolle os xardíns, con árbores ornamentais, froiteiras, sebes de buxo... e coroadado por unha traballada fonte ornamental labrada en pedra granítica. O tipo de deseño e as especies que se conservan apuntan a un trazado de xardín establecido a comezos do século XX.

Entre as pezas de mobiliario conservadas (algunhas deterioradas) no interior da casa, presentan interese histórico e etnográfico algúns mobles probablemente pertencentes ás etapas finais en que o pazo estivo habitado, entre finais do século XIX a comezos do XX. Porén, ningún deles resulta senlleiro ou relevante para definir os valores do ben nin para ter a consideración de bens mobles adscritos ao inmovible, ben que se recomenda a súa custodia e conservación para evitar a deterioración e avaliar, nos proxectos de desenvolvemento futuro, a súa posible integración na posta en valor do pazo.

Protección e visitas

O expediente de declaración BIC iniciouse por solicitude do Concello de Sanxenxo, que está tamén a preparar un plan director que sirva como folla de ruta para as actuacións que se deberán realizar no futuro en prol da restauración e conservación deste ben. Entre outras particularidades, a declaración BIC implica que a realización de obras ou calquera intervención que afecte ao ben deberá ser notificada coa suficiente antelación á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, así como a venda ou poxas que se refiran a el.

Ademais, e neste caso concreto de bens inmobles, os que declarados BIC son inseparables do seu contorno, polo que non poderá procederse ao seu desprazamento salvo que resulte imprescindible por causa de caso fortuíto, forza maior, utilidade pública ou interese social, despois do informe favorable da devandita dirección xeral.

Por outra banda, no momento en que o conxunto estea habilitado para iso, o Concello deberá garantir a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente.

A REPOTENCIACIÓN DO PARQUE EÓLICO MALPICA PERMITIRÁ PRODUCIR O DOBRE DE ENERXÍA REDUCINDO DE 69 A 7 AEROXERADORES

- *A Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial de incidencia municipal desta infraestrutura, que reducirá nun 90% as máquinas mantendo a potencia de 16,45MW*
- *Diminuirase así o impacto paisaxístico e ambiental do parque, promovido por Pemalsa nos concellos coruñeses de Malpica e Ponteceso, e rebaixase en máis dunha hectárea a superficie ocupada da Rede Natura*
- *Cun investimento de 22 millóns de euros, a modernización desta instalación, posta en marcha hai 20 anos, permitirá pasar dunha produción anual de enerxía de 30.000 MWh a 64.700 MWh*
- *É a segunda repotenciación que se activa en Galicia tras a renovación do parque de Cabo Vilano*
- *Esta mellora da eficiencia súmase ao concurso eólico que xa permitiu a autorización de 23 parques que suman 564,5 MW*

A Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da repotenciación do parque eólico Malpica, situado neste concello coruñés e no municipio de Ponteceso. A actuación permitirá modernizar as instalacións ao tempo que diminuírá o seu impacto paisaxístico e ambiental reducindo o número de aeroxeradores de 69 a 7, ademais de rebaixar a superficie ocupada da Rede Natura en 1,3 hectáreas, que pasan de 3,2 a 1,9. Así, esta instalación promovida por Pemalsa, que se puxo en marcha hai 20 anos, será, xunto á de Cabo Vilano, pioneira entre os plans de repotenciación na comunidade.

O parque eólico Malpica, cuxa repotenciación se prevé que entre en funcionamento este ano, contará con 7 máquinas que suman unha potencia máxima instalada de 16,45 MW, similar á que xa tiña, e diminuíndo en 62 o número de aeroxeradores, un 90% menos. Grazas á instalación de máquinas máis eficientes, o parque producirá anualmente máis do dobre, pasando de 30.000 MWh ao ano a 64.700 MWh, o equivalente ao consumo eléctrico de 18.500 fogares.

O proxecto, en que o promotor investirá 22 millóns de euros, xa contaba coas autorizacións administrativas previa e de construción, así como de declaración de utilidade pública. A aprobación como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal permite a súa integración territorial, ao introducir na normativa urbanística dos concellos afectados, e para aqueles terreos vinculados directamente a el, a cualificación de especial protección de infraestruturas.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue así a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á mellora da eficiencia e recuperación do

liderado do sector. Neste contexto, xa se puxo en marcha o ano pasado, tamén na provincia da Coruña, a repotenciación do parque eólico Cabo Vilano, da empresa Gas Natural Fenosa Renovables, no cal se substitúen 22 antigos aerogeradores por 2 novos que suman unha potencia de 5,46 MW.

A repotenciación impulsada en Malpica súmase tamén ao concurso eólico, no marco do cal se autorizaron 23 novos parques, que suman 564,5 MW cun investimento de máis de 717 millóns de euros. Ademais, os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1.000 millóns de investimento na Comunidade e permitiron crear máis de 2.000 empregos directos.

O SERGAS DESTINARÁ 45 MILLÓNS DE EUROS AO CONCERTO CO CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA

- ***Permitirá cubrir a totalidade da demanda desta prestación en materia oncolóxica na área norte de Galicia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da asistencia sanitaria en materia oncolóxica coa Fundación Centro Oncolóxico de Galicia, á que o Servizo Galego de Saúde destinará 45.254.280 euros entre os anos 2017- 2021.

A actividade obxecto do contrato inclúe os programas de radioterapia, de quimioterapia, de medicina nuclear, PET e de bioloxía molecular. Tamén comprenderá a asistencia en consultas externas (primeiras, sucesivas e revisións) e a hospitalización en réxime de internamento (básica, cuidados paliativos, internamento de radioterapia e hospitalización a domicilio), relacionadas con procesos oncolóxicos.

Isto permitirá cubrir a totalidade da demanda desta prestación en materia oncolóxica na área norte de Galicia, para os pacientes de referencia das estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI) da Coruña, de Ferrol, ademais dalgunhas probas especializadas para problemas oncolóxicos que poden ser solicitadas desde outros hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Homoxeneización da carteira sanitaria

O novo contrato revisa e renova totalmente a prestación en materia oncolóxica, un eido en constante modernización no cal é necesario garantir a atención máis eficaz e innovadora para os pacientes galegos, incluíndo os novos procedementos dos que dispón a ciencia médica para o tratamento oncolóxico.

No eido do programa de radioterapia increméntase a carteira de servizos pola realización de novos procedementos, mentres que se eliminan os tratamentos máis antigos como os de cobaltoterapia. Co obxecto de igualar e homoxeneizar a atención sanitaria aos beneficiarios do Servizo Galego de Saúde, tivéronse en conta as carteiras dos servizos de Galaria e do Hospital Clínico Universitario de Santiago, os dous únicos centros que prestan o servizo na Comunidade Autónoma. Neste eido, no ano 2015 leváronse a cabo 2.190 actividades de radioterapia externa, 836 estadias básicas, 423 primeiras consultas e 213 actividades de braquioterapia, entre outros.

No que atinxe á quimioterapia, inclúense tratamentos orais e non orais, e as medicacións utilizadas serán achegadas pola EOXI da Coruña para homoxeneizar as compras e prescricións cos tratamentos adquiridos no resto da rede do Sergas. En 2015 realizáronse, entre outras, 5.229 actividades de quimioterapia non oral, 1.897 primeiras consultas e 1.143 estadias básicas.

O programa de Medicina Nuclear inclúe exploracións diagnósticas (gammagrafías) e tratamentos terapéuticos, así coma ergometrías. Foi preciso actualizar a carteira de servizos deste programa, polo que se fixo unha revisión pormenorizada para a súa homoxeneización coa de Galaria e o Hospital Clínico Universitario de Santiago. En 2015, neste ámbito, fixéronse 6.413 diagnósticos, 381 primeiras consultas, 291 tratamentos e 289 ergometrías.

O Programa de bioloxía molecular ten unha carteira de servizos composta polas últimas probas diagnósticas dispoñibles de citoxenética convencional e molecular (FISH), xenética molecular, análise restrinxida de modificacións xenéticas puntuais, de mutacións dinámicas, de microsátélites de ADN, estudos de metilación, análise de perfil farmacoxenético, extraccións de ADN e ARN e cuantificación de ácidos nucleicos. En 2015, neste marco, leváronse a cabo 1.059 estudos.

Por último, inclúese por primeira vez na carteira de servizos para esta contratación a realización de estudos PET de cabeza e pescozo, de corpo enteiro, cardíaco, cerebral e PET/CT Colina.

Equipamento

O obxectivo do Sergas é prestar unha asistencia sanitaria de calidade e ser eficiente na xestión e na prestación do servizo de diagnóstico e tratamento. Para este fin, son precisos os medios adecuados, o seu rendemento e a súa axeitada actualización.

Neste contexto, o Servizo Galego de Saúde poñerá á disposición do Centro Oncolóxico a última tecnoloxía dispoñible, mediante un acelerador lineal monoenerxético sen electróns, un acelerador lineal, un sistema en rede de información oncolóxica, un sistema de planificación de tratamento en rede, un acceso ao sistema en rede de procedementos radiocirúrxicos do Sergas e un PET.

A XUNTA AMPLÍA A COBERTURA DA REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS DE GALICIA EN 145.000 HECTÁREAS E ALCANZA O 90% DO TERRITORIO

- *O reforzo das infraestruturas de Resgal permitiu reducir nun 44% as zonas de sombra en máis de 500 parroquias con alto risco de incendio*
- *No primeiro semestre do ano desenvolveranse unha serie de iniciativas tecnolóxicas innovadoras no eido da vixilancia e detección temperá de incendios*
- *Resgal integra nun mesmo sistema todos os colectivos de emerxencias e seguridade da Xunta, os consorcios de bombeiros e 116 concellos galegos*
- *Conta con servizos avanzados que a convirten na referencia máis moderna de España neste tipo de redes*

A Xunta de Galicia ampliou a cobertura poboacional e territorial da Rede Dixital de Emerxencias de Galicia (Resgal), xestionada pola Amtega a través do operador público Retegal, facendo especial fincapé nas zonas con máis risco de incendio. A instalación de 25 novas estacións radio base, 4 repetidores e unha nova estación transportable permitiron reducir nun 34% as zonas de sombra no conxunto da Comunidade e en máis dun 44% nas 565 parroquias identificadas como de alto risco de incendio.

O reforzo das infraestruturas de Resgal amplía o seu radio de acción en máis de 145.000 hectáreas, o que lle permite alcanzar o 90% do territorio e o 96,5% da poboación. Con esta medida, ademais da mellora en zonas rurais, incrementase a cobertura da Rede en núcleos de poboación de máis de 1.000 habitantes e nos hospitais da Barbanza e Burela. Resgal conta con cobertura plena nas 7 grandes cidades e garante unha cobertura moi alta nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco.

Detección temperá de incendios

Co obxectivo de incrementar as medidas para a prevención de incendios, Retegal e o Servizo de Prevención e Detección de Incendios Forestais desenvolverán ao longo do primeiro semestre do ano unha serie de iniciativas tecnolóxicas innovadoras no ámbito da videovixilancia e na aplicación de sistemas de monitoraxe e detección temperá de incendios en zonas de alto risco. Para iso instalaranse en infraestruturas de Retegal sensores, sistemas de detección de fume, calor.. e cámaras de visión con rotación en 360° que permitirán localizar de xeito preciso o foco do incendio e xerar alertas de xeito automático.

Unha rede única con máis de 5.300 terminais

Resgal, froito dun convenio de colaboración entre a Consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería do Medio Rural, a Amtega e a entidade pública estatal Red.es, entrou en funcionamento en 2015 como unha rede única para todos os colectivos que participan na resolución das emerxencias. RESGAL

facilita e simplifica a coordinación entre todos eles, empregando a tecnoloxía máis avanzada neste tipo de redes

Xa están a empregar Resgal efectivos da Axega, da Policía Autonómica, do 061, do 112, do Servizo de Protección e Defensa contra Incendios Forestais, dos consorcios de bombeiros e efectivos de emerxencias de 116 concellos, que xa se adheriron á Rede.

Estes efectivos empregan dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas. A Administración autonómica adquiriu xa máis de 5.348 terminais.

Tecnoloxía de última xeración

Resgal emprega tecnoloxía Tetra, a máis punteira para este tipo de comunicacións, que garante a súa dispoñibilidade cando o resto de redes de telefonía móbil se colapsa. Este sistema caracterízase pola súa fiabilidade incluso en situacións extremas ou de saturación.

A diferenza dos sistemas convencionais, posibilita a realización de chamadas en grupo, tanto dentro dunha mesma organización como entre dispositivos de distintas organizacións que nun momento dado poidan estar traballando conxuntamente nunha mesma emerxencia.

Este sistema permite multiplicar por 5 a velocidade de datos con respecto ás redes de emerxencia habituais e posibilita a incorporación de diversos servizos como a xeolocalización en tempo real da posición de todos os dispositivos de emerxencia vía GPS. Ademais, permite a consulta de bases de datos, a gravación de conversas e a encriptaxe das comunicacións, garantindo a súa confidencialidade. Estas características converten a rede de Galicia na referencia máis moderna en España.

Adhesión doutras entidades

A Xunta pon a Rede Dixital de Emerxencias á disposición dos concellos, entidades públicas da Comunidade e empresas privadas que precisen coordinarse cos servizos públicos de emerxencias, que poden integrarse mediante un acordo de adhesión.

A XUNTA INCREMENTOU AS ACTUACIÓNS CONTRA A FRAUDE FISCAL EN 2016 E FIXO AFLORAR CASE 140 MILLÓNS DE DÉBEDA NON DECLARADA

- *A Axencia Tributaria de Galicia incrementou un 6 % a revisión de autoliquidacións de impostos, ata superar as 280.000 comprobacións*
- *Os datos da Atriga ratifican que en 2016 baixou a fraude fiscal, xa que mellorou en 4 puntos a porcentaxe de galegos que pagaron correctamente os seus impostos*
- *No eido da inspección, o ente tributario galego triplicou as actuacións sobre grandes patrimonios, que teñen un período máis longo de investigación*
- *O mellor comportamento dos contribuíntes fixo diminuír o total de débeda non declarada, que se reduciu un 7 % pese ao aumento da actividade de control*
- *A concesión de aprazamentos e fraccionamentos reduciuse un 14 % porque hai menos solicitudes, a causa da mellor situación económica*
- *Neste 2017, o ente tributario galego traballará con novas fontes de datos, como a información da internet ou das redes sociais*
- *Tamén impulsará o intercambio de información co Estado para facilitar a localización de patrimonio oculto no estranxeiro*

A Xunta de Galicia incrementou en 2016 as súas actuacións de loita contra a fraude fiscal. Grazas a isto a Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) fixo aflorar o pasado ano 139 millóns de euros de débeda non declarada polos contribuíntes, segundo consta nun informe elaborado pola Consellería de Facenda e abordado hoxe no Consello da Xunta.

En concreto, a Atriga comprobou o pasado ano 280.397 autoliquidacións do imposto de transmisións patrimoniais (ITP) e do imposto sobre sucesións e doazóns (ISD), xa que ambos os tributos concentran a maior parte dos ingresos tributarios xestionados pola Xunta. Isto supuxo un aumento do 6% respecto ás 264.913 autoliquidacións revisadas en 2015.

Unha das conclusións do informe é que en 2016 houbo unha baixada da fraude fiscal, xa que o 92% das autoliquidacións revisadas pola Administración galega eran correctas e non precisaron modificacións. Esta porcentaxe medrou catro puntos respecto ao 88% rexistrado en 2015, o que mostra aínda máis que a inmensa maioría dos contribuíntes galegos paga correctamente os seus impostos.

Tras a revisión desas 280.397 autoliquidacións, no caso de detectar que non é correcta, a Atriga practicou unha liquidación para que o contribuínte tribute conforme a legalidade. O número de liquidacións practicadas a raíz dunha comprobación foi de 22.961, unha cantidade inferior á de 2015 porque, precisamente, medrou a porcentaxe de contribuíntes que se adecuaron á normativa vixente e tributaron de

xeito correcto. Froito do labor da Área de Xestión, a Axencia Tributaria de Galicia detectou 102,6 millóns de débeda non declarada.

Máis inspeccións e menos aprazamentos

En canto á área de inspección, o organismo tributario da Xunta triplicou as actuacións realizadas sobre os grandes patrimonios, que teñen un período máis longo de investigación dada a súa dificultade, polo que os seus efectos recadatorios terán efecto nos seguintes exercicios. En todo caso, os procedementos de inspección da Atriga fixeron aflorar en 2016 un total de 36,3 millóns de euros.

A suma dos 102,6 millóns de euros obtidos polas actuacións de xestión e dos 36,3 millóns dos labores de inspección conforman os 139 millóns de euros aflorados pola Axencia Tributaria de Galicia durante o pasado ano. En canto ás valoracións, o número de bens valorados pola Atriga en 2016 ascendeu a 517.557, o que supón un incremento do 1,1% respecto ao ano anterior.

Ademais, en 2016 a Atriga concedeu aprazamentos e fraccionamentos no pagamento de impostos por un importe de 21,1 millóns. Esta baixada –do 14% sobre 2015– débese a que houbo menos solicitudes pola mellora da situación económica, que fai que os contribuíntes galegos teñan menos dificultades para afrontar as súas obrigas tributarias.

Novas fontes de datos: internet e redes sociais

En canto ao plan de control tributario para 2017, a Xunta inclúe como novidades a busca de novas fontes de datos –como a información procedente da internet e das redes sociais-, ao tempo que impulsará o intercambio de información co Estado –a través da AEAT– para poder recibila de forma masiva e non de xeito individual, o que redundará nunha mellor xestión e nunha redución dos custos administrativos.

A Axencia Tributaria de Galicia tamén traballará este ano no acceso á nova información da AEAT derivada de novas obrigas de información e de novos convenios de colaboración entre España e outros Estados, e que poña de manifesto a titularidade de patrimonio oculto. Ademais, a Administración galega promoverá o intercambio de información coa AEAT sobre o cumprimento da condición de vivenda habitual, o que servirá para controlar mellor a aplicación dos beneficios fiscais asociados a vivenda.

Ademais, a Atriga porá en marcha este ano un plan especial de control da fraude fiscal para obter outros 20 millóns de euros. Este plan xa está incluído nos orzamentos da Xunta para 2017, aprobados esta semana no Parlamento.

A XUNTA ACTIVA A ESTRATEXIA AUTÓNOMO 2020 CON 40 MILLÓNS DE EUROS PARA FORTALECER O SECTOR E APOIAR MÁIS DE 10.000 TRABALLADORES

- *A estratexia inclúe un total de 20 medidas cun orzamento total de 160 millóns de euros para os próximos 4 anos, o que supón un incremento do 45% sobre a última lexislatura*
- *O Goberno galego activa hoxe as primeiras actuacións con preto de 20 millóns de euros en axudas para o establecemento como autónomo e para a contratación indefinida de traballadores*
- *A nova planificación inclúe como novidade a ampliación da tarifa plana de 50 euros 12 meses máis que o Estado, chegando a cubrir 18 meses*
- *Porase en marcha por primeira vez en Galicia o Bono do autónomo cunha contía de ata 3.000 euros para a consolidación da actividade e un programa de remuda xeracional para a continuidade dos negocios*
- *A Xunta ampliará en 16 semanas adicionais a bonificación do 100% da cota da Seguridade Social para conciliar no caso de maternidade e paternidade*
- *Crearase a Oficina do Autónomo que actuará como portelo único onde os interesados poderán obter toda a información que precisen e consultar os trámites dos seus proxectos*
- *As axudas se incrementarán nun 25% para as mulleres, as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, unidades familiares con todos os seus membros en paro e no caso de que o centro de traballo estea no rural*
- *Galicia é na actualidade a Comunidade cun emprego autónomo máis sólido que lidera os apoios públicos que presta a este colectivo*

A Xunta activou a Estratexia autónomo 2020 cun total de 160 millóns para os próximos 4 anos -40 millóns ao ano- co obxectivo de apoiar de media máis de 10.000 traballadores cada ano, o que supón un incremento do 45 % sobre a última lexislatura. O documento contén 20 actuacións das que a metade son novas na Comunidade e se porán en marcha ao longo deste ano. A nova estratexia actívase hoxe mesmo con preto de 20 millóns de euros en axudas para o establecemento como autónomo e para a contratación indefinida de traballadores.

O colectivo autónomo é unha prioridade para o Goberno galego que está involucrado na busca de fórmulas que permitan impulsar e dar o recoñecemento que merece este sector na economía galega. Por iso, a estratexia nace para consolidar a Galicia como o mellor espazo onde desenvolver iniciativas exitosas no eido do emprego autónomo. O seguimento, control e mellora desta folla de ruta realizarase a través da Mesa do Emprego Autónomo de Galicia, na cal están presentes todos os axentes involucrados e con representatividade.

Para fortalecer o sector, o documento contén tres prioridades: incorporar novas persoas ao emprego autónomo, consolidar o xa existente para garantir a súa viabilidade e simplificar e axilizar a tramitación administrativa. Para levar a cabo estas actuacións melloraránse os apoios no arranque e consolidación da actividade e na remuda xeracional, e os programas que promoven a calidade de vida e os servizos destes traballadores.

Ampliación da tarifa plana de 50 euros

Como medidas innovadoras destaca cun orzamento de 4 millóns de euros a ampliación da tarifa plana de 50 euros 12 meses adicionais da do Estado co obxectivo de que os autónomos galegos só aboan a dita cantidade durante os primeiros 18 meses de actividade. Esta medida terá prioridade para os menores de 30 anos e estímase que pode beneficiar 5.000 persoas ao ano.

Así mesmo, poranse en marcha por primeira vez na Comunidade o Bono autónomo de ata 3.000 euros para a consolidación da actividade. Deste cheque poderán ser beneficiarios os traballadores cunha antigüidade de máis de 42 meses e cunha facturación inferior aos 30.000 euros. A axuda, coa que se prevé chegar a 1.000 persoas ao ano, deberá empregarse en servizos dirixidos a mellorar a súa competitividade.

A estratexia tamén contén, cun orzamento dun millón de euros, un programa de remuda xeracional para a continuidade de negocios que favorezan a integración da mocidade.

A Xunta, ampliará ademais 16 semanas máis a bonificación do 100% da cota da Seguridade Social para conciliar. A axuda vai dirixida aos traballadores beneficiarios da bonificación por maternidade ou paternidade do Estado que teñan contratada unha persoa durante este período. O autónomo poderá acollerse tamén aos incentivos previstos pola Xunta para a contratación. Prevense 1.500 autónomos beneficiarios.

Oficina do Autónomo

Outra das medidas innovadoras que se implantará é a creación da Oficina do Autónomo que se converterá na xanela única deste colectivo, un espazo unificado e integral de asesoramento e consulta de acceso telemático, onde os traballadores poderán consultar toda a información sobre as axudas e procedementos administrativos que sexan do seu interese.

Tamén destaca a posta en marcha, cun orzamento de 3,5 millóns de euros, dun programa específico de formación para este sector co obxectivo de contribuír á mellora e adaptación aos novos tempos. Así mesmo, potenciarase a responsabilidade social empresarial e desenvolverase un servizo de estudos de mercado para identificar as

oportunidades de negocio, así como un programa de difusión para visibilizar o papel do emprego autónomo. Simplificaranse e implantaranse, ademais, novos procedementos na sede electrónica.

Programas de apoios activados

Todas estas medidas se completarán co reforzo dos programas de axudas xa existentes, como son os apoios ao establecemento como autónomo e á contratación indefinida que hoxe se activan con preto de 20 millóns de euros.

A través das axudas concederáse unha contía base de 2.000 euros e, como novidade, este ano, non será preciso achegar un investimento inicial. Esta axudará duplicarse ata os 4.000 euros e sen investimento para os menores de 30.

Outras axudas que melloran son as destinadas á contratación indefinida que crecerán en 1.000 euros. Pasarán de 4.000 a 5.000 euros para o primeiro traballador contratado e de 5.000 a 6.000 euros para o segundo e terceiro.

En todos os programas as contías base incrementaranse nun 25% para as mulleres, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, unidades familiares en que todos os seus membros están no paro e no caso de que o centro de traballo estea nun concello rural.

Os autónomos poderán tamén beneficiarse dos apoios financeiros do Igape, da Rede de Aceleradoras de Espazos *Coworking* e de programas específicos de recoñecementos médicos e de prevención de riscos laborais, así como dos servizos TIC.

O autónomo en Galicia

Galicia é a Comunidade Autónoma cun emprego autónomo máis sólido: 1 de cada 4 traballadores pertence a este sector, por enriba da media de España, e conta cunha maior porcentaxe de iniciativas cun ano ou máis de antigüidade. A Comunidade galega conta, ademais, co emprego autónomo máis igualitario de toda España e cunha cotización por riba da media. É, ademais, a rexión que máis apoios públicos presta a este colectivo.

A Estratexia do Autónomo responde a unha actuación enmarcada na Axenda 20 para o Emprego encamiñada a incrementar as oportunidades laborais dos galegos e na Axenda de Competitividade Industrial, Galicia: Industria 4.0.

A XUNTA INCREMENTOU EN MÁIS DUN 50% A CONTÍA DOS CONVENIOS COAS UNIVERSIDADES NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2016

- *O Goberno galego destinou a estes acordos preto de 1,3 millóns de euros, e aumentaron tamén nun 35,4% o importe medio que representa cada convenio*
- *Estas achegas ao Sistema universitario de Galicia (SUG) realízanse a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de financiamento*

A Xunta de Galicia destinou un total de 1.286.885,24 euros aos convenios subscritos coas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) no segundo semestre do ano 2016, o que supón un incremento do 51,32% con respecto do mesmo período do ano anterior. Cómpre salientar que estas achegas ao Sistema universitario de Galicia (SUG) se realizan a maiores da cantidade asignada a cada universidade a través do Plan de financiamento.

Así o recolle o Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica, elevado hoxe ao Consello da Xunta, e no cal se recollen un total de 19 convenios neste período.

Así mesmo, rexístrase unha suba porcentual do 35,39% no importe medio de cada convenio asinado, que pasa dos 50.027 euros no segundo semestre do ano 2015, ata 67.731 euros no segundo semestre de 2016.

Respecto das entidades da Xunta asinantes, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio foi a que máis convenios asinou, seguida da Presidencia da Xunta e das consellerías de Economía, Emprego e Industria; de Política Social; de Sanidade; de Medio Rural, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; e de Mar.

Accións conveniadas

No referido ás accións conveniadas, a meirande parte dos acordos corresponde a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado; e ao apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación (con cinco convenios cada un). Séguenlle os convenios para o apoio para a implantación do sistema docente e os de financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial interese para a consellería correspondente (con 3 cada un); o apoio á inserción laboral dos titulados dirixidas ao alumnado universitario galego (con 2 convenios); e os másteres oficiais (1).

En canto á repartición por universidades, a de Santiago de Compostela obtén neste período o 48,13% das achegas, A Coruña o 33,44% e a de Vigo recibe o 18,43 %.

O informe do que se deu conta ao Consello da Xunta foi emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

O NOVO BLOQUE CIRÚRXICO DO HOSPITAL DO SALNÉS REALIZOU AS SÚAS PRIMEIRAS OPERACIÓNS INTERVINDO PACIENTES DE TRAUMATOLOXÍA, XINECOLOXÍA, UROLOXÍA E OFTALMOLOXÍA

O Consello da Xunta abordou, na súa reunión semanal, un informe da Consellería de Sanidade sobre a posta en funcionamento da nova área cirúrxica do Hospital do Salnés, que se inclúe na reforma integral deste centro hospitalario na cal o Servizo Galego de Saúde investiu un total de 7,7 millóns de euros.

A nova área abrangue a ampliación do hospital cara ao norte, desde a fachada da urxencia actual e reforma na superficie ocupada pola antiga urxencia. A zona de ampliación é onde se desenvolven os cinco novos quirófanos (que substitúen os tres antigos) coas súas áreas de preparación tanto de médicos como de pacientes, para desenvolver traumatoloxía, xinecoloxía, uroloxía, cirurxía xeral e oftalmoloxía. Dos cinco novos quirófanos, tres deles xa están a pleno rendemento, e na seguinte fase da obra estarán operativos os outros dous.

O novo bloque cirúrxico arrancou con total normalidade intervindo dous pacientes de traumatoloxía, unha cesárea (xinecoloxía), dous de uroloxía e oftalmoloxía.

Nesta zona de reforma é onde se sitúa a área de apoio do bloque cirúrxico tanto de cirurxía programada como de cirurxía maior ambulatoria. Nestas zonas dispónse de aseos-vestiarios de persoal, espera de camas, o *transfer*, a área de apoio administrativo, unha área de recepción central e secretaria. Doutra banda, dispónse da sala de estar de persoal e a área de cirurxía maior ambulatoria, composta por espera de pacientes, vestiarios, área de recepción, información e alta.

Reformáronse as zonas anteriormente ocupadas polo antigo bloque cirúrxico, bloque obstétrico e unidade de coidados poscirúrxicos, con demolición de fachadas, para a ampliación da que será a área de coidados poscirúrxicos e a conexión do segundo eixe de circulación. Esta nova área ten nove camas de recuperación poscirúrxica, dous de illados e nove postos de adaptación ao medio, un posto dobre de control de enfermaría, aseos, almacéns e outras áreas de apoio.

O hospital de día desenvólvese sobre o extremo sur onde estaban os quirófanos primitivos e fórmano dez postos de tratamento, un control dobre de enfermería, almacéns, farmacia, etc.